

**ACORDOS NÚMERO 1/2017**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DÍA 19.01.2017**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dezanove de xaneiro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 27/2016 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 27/12/2016.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- SOLICITUDE DE SUBVENCION A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA PARA A DOTACION DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FISICO CON DESTINO AS BIBLIOTECAS.-
- 4- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA PARA A MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS DAS BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA PUBLICAS MUNICIPAIS.-
- 5- APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-
- 6- DENUNCIA DE DONA J.G.F.-
- 7- COMUNICACION DE TRANSMISICON DE LICENZA DE D<sup>a</sup> E.G.R. EN PARAÑOS-VILADOABADE A FAVOR DE I.C.E.-
- 8- SOLICITUDE DE DON A.C.L. LAMAS DE LICENZA DE SEGREGACION E AGRUPACION DA PARCELA Nº XXXX;POLIGONO 502 DESTE TERMINO MUNICIPAL.-
- 9- INFORMACION DA ALCALDIA.-
- 10- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 27/2016 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 27/12/2016.-**

É aprobada a acta da sesión ordinaria nº 27/2016 que tivo lugar o 27/12/2016.-

## **2.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Recíbese escrito nº 43/2017 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en relación a comunicación executorias audiencia nacional.  
A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

## **3.- SOLICITUDE DE SUBVENCION A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA PARA A DOTACION DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FISICO CON DESTINO AS BIBLIOTECAS.-**

Acordos adoptados:

1.- Solicitar unha axuda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para á dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á biblioteca municipal deste concello, integrada na Rede de bibliotecas de Galicia.

2.- Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

## **4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA PARA A MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS DAS BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA PUBLICAS MUNICIPAIS.-**

Acordos adoptados:

1.- Solicitar unha axuda a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal deste concello, integrada na Rede de bibliotecas de Galicia.

2.- Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

## **5.- APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON DE AUGA.-**

Acordos adoptados:

Pertar aprobación á facturación correspondente ao **cuarto trimestre de 2016**, ascendendo a cantidade total de 16.400,84 euros, e o importe da facturación do Canon da Auga no citado periodo é de 4.104,25€, e que se faga a exposición pública do mesmo a través do tablón de edictos e publicación no Boletín Oficial da Provincia.-

## **6.- DENUNCIA DE DONA J.G.F.-**

Acordos adoptados:

1.- que se realice informe técnico e informe da Policía Local.

## **7.- SOLICITUDE DE DONA E.G.R. DE LICENZA PARA APERTURA DE CAFE-BAR EN PARAÑOS-VILADOABADE.-**

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da cita licenza a favor de don I.C.E. para desenvolver a actividade de café bar no lugar de Paraños - Vila de Abade, coa denominación comercial de CAFÉ BAR XXXXXXXXX.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adquirente.

## **8.- SOLICITUDE DE DON A.C.L. DE LICENZA DE SEGREGACION E AGRUPACION DA PARCELA Nº XXXX;POLIGONO 502 DESTE TERMINO MUNICIPAL.-**

Acordos adoptados:

Autorizar o acto de segregación e parcelación da parcela, segundo proposta formulada polo solicitante e que se recollen non informes do perito agrícola e que se describe a continuación, sen prexuízo de terceiros.

## **9.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-**

O señor alcalde informa de varios temas de Tesourería.

E ca entrada en vigor da Lei 39/2015 impón moitas obrigacións en relación á implantación da Administración Electrónica en todas as administracións, retos administrativos, técnicos, de xestión e organización e para cumprir algúns destes retos este Concello vaise adherir ao programa de tramitación electrónica de decretos e Resolucións, sobre a plataforma de Administración Electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:15 horas.